

PROXECTO AMORODO/ASOCIACIÓN LENTURA

TIPO DE PROXECTO: Agricultura sustentable

Enlaces: www.agrolentura.wordpress.com

Concello: Ames

Provincia: A Coruña



O Proxecto Amorodo, xurde no 2005 dende a iniciativa do concello de Ames, coa participación dos concellos de Rois, Dodro e posteriormente con Brión, para desenvolver dinámicas de formación no eido da actividade agro-gandeira ecolóxica, cunha metodoloxía baseada na valorización dos coñecementos teórico-prácticos, para o apoio á produción de alimentos sans e o consumo local.

O proxecto plasmouse en iniciativas individuais e na Asociación de labregos e labregas "Lentura", que serve de canle de comercialización conxunta para os participantes no proxecto e as novas persoas que seguen a chegar a esta iniciativa de agricultura sustentable.

Trátase dunha forte aposta pola produción local, a comercialización en circuitos curtos, a venda directa e a relación produtor-consumidor, pero tamén de recuperar e manter na memoria, de dar a coñecer os traballos, produtos e cultivos tradicionais, amosando a importancia destes na economía familiar.

ELEMENTOS SALIENTABLES

- Promoción da agricultura sustentable, recuperación de material vexetal autóctono e valorización dos produtos locais saudables.
- Establecemento de vínculos de confianza labrego-consumidor.
- Valorización dos mercados locais, postos de venda conxunta e promoción de estruturas para a comercialización
- Proxecto sostible no tempo, dende o ano 2006 seguen a incorporarse produtores as liñas de acción que se desenvolven dende a Asociación Lentura.



www.agrolentura.wordpress.com

ENTIDADE PROMOTORA:



AEDL:

Juan Carlos Carreja Iglesias

ENTIDADES COFINANCIADORAS



ENTIDADE/EMPRESA EXECUTORA

